

O Fondo Galego doa 5.000 euros para os afectados polo terremoto de Sichuan (China)

O terremoto que no pasado mes de maio azoutou a provincia chinesa de Sichuan e outras limítrofes, de 8,0 graos na escala de Richter, ocasionou preto de 90.000 mortos e desaparecidos, máis de 350.000 feridos, 12 millóns de desprazados, varias cidades totalmente destruídas, e uns 20 mil millóns de euros en perdas, segundo as primeiras estimacións oficiais.

Tradicionalmente, o Fondo Galego, entidade que agrupa os esforzos dun cento de concellos e as catro deputacións para promover a cooperación internacional e a axuda ao desenvolvemento, vén dispoñendo dunha conta de emerxencia que permite recadar doazóns das entidades públicas locais e de entidades privadas e particulares, para afrontar situacións de grande impacto, como no seu día aconteceu co furacán Mitch en Nicaragua, o tsunami asiático en Sri Lanka, o terremoto de Perú e agora esta catástrofe en China.

A doazón de 5.000 euros, que foi entregada na capital chinesa por Xulio Ríos, secretario do Fondo Galego, ao responsable da xestión das axudas de doantes estranxeiros da Cruz Vermella de China, Sun Xiao, será destinada a reforzar as condicións de acollida dos milleiros de persoas que nestes momentos viven na precariedade e coa perspectiva de afrontar unha dura temporada de chuvias.

A Cruz Vermella agradeceu esta doazón galega, amosando a súa lección "porque a distancia xeográfica non é un obstáculo insalvable para expresar un nobre sentimento como é a solidariedade", dixo o Sr Sun Xiao.

No primeiro semestre de 2008, a Cruz Vermella de China recibiu donativos por valor de 1.395 millóns de iuáns, dos que 1.250 millóns foron destinados ao rescate e reconstrución en Sichuan e outras zonas afectadas polo terremoto do 12 de maio. Segundo o secretario xeral da Cruz Vermella, Wang Rupeng, un 40% dos fondos totais destináronse á reconstrución de casas, un 30% para escolas primarias e secundarias, un 25% para instalacións de saúde e o resto para apoiar a orfos, discapacitados e persoas maiores que vivan solas na zona do sismo.

Reconstrución en Cuba: Queres colaborar?

Entre o 30 de agosto e o 9 de setembro, Cuba viuase assolada polo paso de dous furacáns de alta intensidade. A acción do Gustav e do Ike en tan breve espazo de tempo deixou importantes danos materiais e a perda de vidas humanas, principalmente nas provincias de Pinar del Río, Holguín, Las Tunas, Camagüey e Isla Juventud. Segundo a avaliación de danos preliminar, publicada o 16 de setembro por fontes oficiais, os furacáns causaron perdas por valor de 5.000 millóns de dólares e afectaron a 444.000 vivendas das que 62.249 foron derrubadas totalmente.

O Fondo Galego pon a disposición dos Concellos e Deputacións socias a nosa conta de emerxencia, co fin de canalizar as axudas que dende os entes municipais e provinciais realicen, co obxectivo de apoiar accións na fase de reconstrución de danos.



Destrución causada polo furacán Ike ao seu paso por Cuba

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE
Nº DE CONTA: 2091.0209.10.3040019000




Sun Xiao e Xulio Ríos no local da Cruz Vermella de China en Beijing

Os Concellos socios do Fondo Galego superan a centena coas adhesións de Xove, Melide e Riotorto

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade conta con tres novos socios. Os Concellos de Xove e Riotorto, na provincia de Lugo, e o Concello de Melide, na provincia de A Coruña, aprobaron nos seus respectivos Plenos a súa adhesión ao Fondo. Con estas incorporacións, o Fondo Galego acolle 102 Concellos e as 4 Deputacións Provinciais, o que suma un total de 106 socios cun compromiso solidario común. Por outra banda, a incorporación dos novos Concellos ratifica a boa marcha da solidariedade dende o ámbito local e a maior sensibilización dos concellos galegos en involucrarse en Cooperación ao Desenvolvemento.


Concellos: A Cañiza, A Coruña, A Estrada, A Guarda, A Pobra do Caramiñal, A Teixeira, Allariz, Ames, Arteixo, As Pontes, Baiona, Bergondo, Betanzos, Boiro, Brión, Bueu, Cabanas, Caldas de Reis, Cambados, Cambre, Cangas, Carballo, Carral, Castrelo de Miño, Castrelo do Val, Castroverde, Cedeira, Cerceda, Covelo, Corcubión, Culleredo, Cuntis, Entrimo, Fene, Ferrol, Gomesende, Gondomar, Guitiriz, Laxe, Lousame, Lugo, Manzaneda, Moaña, Mondoñedo, Monforte, Monterroso, Mos, Mugardos, Narón, Neda, Nigrán, Noia, O Barco, O Irixe, O Porriño, O Rosal, Oimbra, Oleiros, Ourense, Outes, Poio, Pontecesures, Pontedeume, Pontevedra, Porto do Son, Redondela, Rianxo, Ribadavia, Ribeira, Rodeiro, Sada, Salvaterra de Miño, Samos, San Cibrao das Viñas, Sandiás, Santiago, Sarria, Soutomaior, Tomiño, Triacastela, Verea, Verín, Vigo, Vilagarcía, Vilar de Santos, Viveiro. **Deputacións:** A Coruña, Ourense, Pontevedra.

Edita: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade **Redacción e Administración:** Avenida Joselín, 7, P3-4ºB, 36300-Baiona (Pontevedra) **Tel/Fax:** 986 357 238 **Internet:** <http://www.fondogalego.org> **email:** info@igadi.org **Coordinación da edición:** Begoña Castro **Tirada:** 1.000 exemplares **Depósito Legal:** VG-473-2007



O Fondo Galego reúne en Palmela con municipios caboverdianos

Atendendo un convite da Cámara Municipal de Palmela (Portugal), con quen o Fondo Galego xestiona proxectos en Cabo Verde, Alfredo Novoa, presidente da nosa entidade, tivo a oportunidade de reunirse na citada localidade o pasado día 5 de setembro con representantes das Cámaras de Praia e S. Filipe, cos que analizou o estado da cooperación bilateral e as áreas de maior interese futuro, nomeadamente formación e temas ambientais. Ademais, o Fondo Galego e a Cámara de Palmela renovaron o seu compromiso de cooperación bilateral para impulsar novas iniciativas no arquipélago caboverdiano.



Dr. Eugénio Veiga, presidente da Cámara de S. Filipe, e Alfredo Novoa

O Fondo Galego no Certame Solidario de Ferrol

O Fondo Galego participou os días 30 e 31 de agosto nas Xornadas de Sensibilización promovidas pola Concellaría de Benestar Social, Xuventude e Solidariedade do Concello de Ferrol. A organización deste evento estivo motivado pola conmemoración do Día Internacional da Solidariedade. Unha festa da Solidariedade na que participaron máis de trinta entidades que puideron dar a coñecer cidadanía ferrolá que acudiu á cita.

A Concelleira de Benestar Social e Solidariedade do Concello de Ferrol, e Vicepresidenta do Fondo Galego, Beatriz Sestayo, e a Directora Xeral de Cooperación da Xunta de Galicia, Fabiola Sotelo, puideron compartir visións e experiencias cos representantes das entidades solidarias que se deron cita nun exitoso evento marcado pola elevada participación e afluencia de público.

Amarante visita a Secretaría Técnica do Fondo Galego



De esquerda a dereita: Xan Hermida (Amarante-Setem), Daniel Vigo e Begoña Castro (Fondo Galego), e Ainarra Legarreta (Amarante-Setem).

O pasado xoves 25 de setembro, unha delegación da ONG Amarante-SETEM para o Ecodesenvolvemento visitou a sede da Secretaría Técnica do Fondo co fin de avaliar a execución do convenio asinado hai dous anos polas dúas entidades para a implementación da campaña de sensibilización O Bo Café.

O Programa O Bo Café ten como obxectivo incorporar o consumo de café de Comercio Xusto no maior número posible de dependencias municipais e autonómicas, para contribuír deste xeito a paliar a grande crise que padecen os pequenos produtores de café. Neste proceso de sensibilización e cambio de condutas no Norte para diminuír a fenda existente entre as condicións de vida das persoas que o habitamos e as que o fan no Sur, os entes públicos deben tomar a iniciativa e ser exemplo para a cidadanía.

Misión técnica do Fondo Galego en Nicaragua

Nicaragua é o país máis extenso de América Central e, segundo as liñas definidas polo Banco Mundial, tamén é o segundo máis pobre de América Latina (o primeiro é Haití). En 2001, o 42,6% da poboación vivía con menos de 1 dólar ao día e o 77,8% con menos de 2 dólares.



De esquerda a dereita: Begoña Castro e Rosa Villaronga (Fondo Galego), Carmen Hurtado (Alcaldesa de Totogalpa) e Albanydia Fiallos (Subdirectora de INPRHU-Somoto)

Presenza do Fondo Galego en Nicaragua

A presenza do Fondo Galego nos países de América Latina vén sendo unha constante dende o seu nacemento, de xeito que o 60% dos proxectos aprobados ao longo destes anos tiveron como destino os países de Centroamérica, Sudamérica e o Caribe.

Nicaragua destaca entre todos eles como país preferente á hora de destinar recursos, cun total de 16 proxectos desenvolvidos nos 10 anos de intervención, cun orzamento total de 3.410.544,49€ dos que 548.567,82€ foron achega ordinaria do Fondo Galego e os seus socios, e extraordinaria da Deputación da Coruña, Concello de Vigo, Concello de Allariz e da Consellería de Vivenda e Solo (Xunta de Galicia) entre outros, destinados a financiar as diferentes accións de desenvolvemento tanto na modalidade de cooperación directa, 351.851,17€ (64.14%), como a través da convocatoria aberta, 196.716,45€ (35.86%).

Destaca como principal parceiro no país INPRHU-Somoto, executor do 75.71% dos fondos empregados, unha ONGD con gran capacidade de xestión, compromiso e enraizamento dentro das comunidades albo dos proxectos.

É neste contexto que, en agosto de 2008, realizase a primeira misión ao terreo, na que participaron Begoña Castro, técnica da área de sensibilización, e Rosa Villaronga, técnica da área de proxectos, durante 15 días (3/08/08 ao 17/08/08), contando co apoio financeiro da Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda da Xunta de Galicia.



Acto de inauguración das vivendas construídas no marco do proxecto "Mellora das condicións de vida das comunidades rurais do municipio de Totogalpa" do Fondo Galego

Obxectivos da misión

Os obxectivos acadados durante a misión en Nicaragua foron os seguintes:

a. Avaliar e dar seguimento ao 50% dos proxectos financiados durante os 10 anos de intervención do Fondo Galego no país. No transcurso da misión realizáronse visitas a 8 proxectos dos 16 executados, 4 de cooperación directa e 4 de convocatoria aberta.

b. Identificar novos parceiros e proxectos de desenvolvemento e boas prácticas. Durante a misión houbo a posibilidade de contactar e reunirse con parceiros estratéxicamente potenciais (UCOM, Unidad de Concertación y Cooperación Municipalista; INIFOM, Instituto Nicaragüense de Fomento Municipal, Cooperativa Multisectorial La Libertad).

c. Mellorar a formulación de proxectos e as xustificacións técnicas e financeiras. Ao longo de dous días e medio realizáronse actividades de capacitación con todas as coordinadoras e coordinadores de proxecto e responsables da área de xestión económica e financeira de INPRHU.

d. Afianzar as relacións e as canles de comunicación cos actuais parceiros e outros actores de interese con presenza no terreo.

Ademais destas actividades, o equipo técnico do Fondo Galego desprazado a Somoto (Nicaragua) puido asistir ao acto de inauguración das vivendas que se construíron como resultado da execución do proxecto "Mellora das condicións de vida das comunidades rurais do municipio de Totogalpa. (Fases I, II e III)" do Fondo Galego. O acto, organizado por INPRHU-Somoto, celebrouse na comunidade Mango Solo do municipio de Totogalpa.

Estaban convidados/as tódolos/as habitantes das comunidades da municipalidade e, asemade, cómpre salientar a participación de Carmen Hurtado, alcaldesa de Totogalpa; Gladys Cáceres, Directora Executiva de INPRHU-Somoto; Luís Augusto Nolasco, representante do Ministerio de Educación; Malvin López Tadeo, representante do Ministerio de Saúde; Wilmer Antonio Gutiérrez, Presidente do Pobo Indígena Chorotega de Totogalpa en Acción Comunitaria (PICHAC); e o representante do Consello de Anciáns do pobo Chorotega.

Durante a inauguración procedeu á realización dunha rendición pública de contas, lectura orzamentaria e nomeamento de cada beneficiaria ou beneficiario das vivendas, procedéndose, de xeito simbólico, á entrega dos títulos de propiedade. Durante a celebración leváronse a cabo diferentes manifestacións culturais, algunhas de rescate cultural do pobo indíxena, como o baile de La Palma, así como outras actividades de educación ambiental cos membros das comunidades. Instalouse tamén unha pequena



Visibilidade dos proxectos do Fondo Galego no Departamento de Madriz, Nicaragua



Rosa Villaronga (Fondo Galego) reunida cos/coas representantes do Consello de Desenvolvemento Municipal (CDM) de Totogalpa.

feira de artesanía e produtos agro-ecolóxicos elaborados polas asociacións de ex-alumnos e alumnas dos centros CEAR, tamén financiados polo Fondo Galego.



Estudantes do Centro de Educación Alternativa Rural (CEAR), proxecto do Fondo Galego executado por INPRHU-Somoto.



Begoña Castro (Fondo Galego) imparte un taller sobre deseño, identificación e formulación aos/membros do Consello de Dirección e coordinadores/as de proxectos do noso principal parceiro en Nicaragua, INPRHU-Somoto.

Inician as viaxes das participantes do Programa Vacacións con Traballo 2008



Susana Maceiras e Chus Gutiérrez xunto con Daniel Vigo (Fondo Galego) na formación previa que reciben as participantes de Vacacións con Traballo

No marco do Programa Vacacións con Traballo do Fondo Galego, os/as técnicos/as dos concellos e deputacións socios teñen a oportunidade de empregar o seu mes de vacacións viaxando a algún dos países onde o Fondo Galego está a traballar, implementando proxectos de desenvolvemento en parceria cos seus socios locais.

Nesta III Edición de Vacacións con Traballo as participantes seleccionadas, en función do seu perfil profesional e das demandas dos parceiros, foron: Susana Maceiras, responsable do Departamento de Benestar Social, Xuventude e Igualdade da Deputación de Lugo; Chus Gutiérrez, técnica de Servizos Sociais do Concello da Coruña; Inmaculada Diego, técnica de inmigración do Departamento de Benestar Social do Concello de Nigrán; e M^a Luisa Alcalá-Zamora, arquitecta técnica do Gabinete de Deseño e Estética Urbana do Concello da Coruña.

Susana, Chus e Inmaculada estanse a incorporar nestas datas ao seu traballo no terreo, en Nicaragua, Perú e Cabo Verde, respectivamente, e por esta razón visitaron a oficina da Secretaría Técnica do Fondo Galego para recibir a formación previa á súa partida, mentres que M^a Luisa viaxará a Cuba no mes de novembro.

A oferta formativa do Fondo Galego

A sensibilización e a educación para o desenvolvemento é unha parte fundamental da estratexia do Fondo Galego que se vincula directamente co seu traballo en cooperación internacional. Neste sentido, o Plan de Sensibilización 2008-2009 contempla a realización dun total de oito cursos por ano en materia de Cooperación, Educación e Sensibilización ao Desenvolvemento, que terán lugar nas catro provincias, concretamente en Vigo, Santiago de Compostela, Lugo e Ourense.

Trátase de acercar unha oferta formativa básica para os/as responsables políticos e técnicos/as locais e provinciais sobre Cooperación, Sensibilización e Educación para o Desenvolvemento dende as entidades locais e provinciais galegas. O que se persegue é o aumento do compromiso e a implicación nos órganos de dirección do Fondo: Asemblea Xeral e Comisión Executiva, así como tamén na Rede Municipalista Solidaria.

A devandita oferta formativa materializarase na organización de 8 cursos de formación básica, 4 no ano 2008 e 4 no ano 2009, para os/as responsables políticos e técnicos/as locais e provinciais, sobre Cooperación, Sensibilización e Educación para o desenvolvemento dende as entidades locais e provinciais galegas.

alumnos/as terán acceso aos materiais de formación precisos para acompañar o desenvolvemento do curso. Estes estarán compostos por unha guía sobre cooperación descentralizada en formato CD, así como por material impreso. Trátase dunha modalidade de traballo na que, se ben os/as docentes impartirán as materias estipuladas no programa, destacamos a horizontalidade e posibilidade de participación e intervención constante das persoas beneficiarias.

Os cursos están recoñecidos pola EGAP (Escola Galega de Administración Pública).